

**PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE TUI, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027**

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte a Consellería do Medio Rural, representada neste acto pola conselleira do Medio Rural, M<sup>a</sup> José Gómez Rodríguez, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E da outra, a entidade local, Concello de Tui, representada neste acto polo alcalde, Enrique Cabaleiro González, actuando no seu nome e representación en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura deste convenio e, para estes efectos,

**EXPOÑEN:**

Primeiro. O día 19/05/25 a Consellería do Medio Rural e o Concello de Tui asinaron o convenio para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025 e 2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

Segundo. O convenio asinouse co obxecto de desenvolver as seguintes accións de prevención e defensa contra incendios forestais no ano 2025-2026:

Actuación por anualidade	Número	Duración	Superficie
a) Vehículo motobomba	1	3 meses	
b) Labores de vixilancia e defensa			
b.1) brigada de 5 compoñentes	0	3 meses	
b.2) brigada de 4 compoñentes	2	3 meses	
c) Labores de prevención de xeito manual	2	3 meses	
d) Tratamentos preventivos de xeito mecanizado			10 ha

Terceiro. A cláusula décimo sexta, punto 1 do convenio regula o prazo de xustificación para os tratamentos preventivos de xeito mecanizado da seguinte maneira:



1. Para os tratamentos preventivos de xeito mecanizado o prazo de presentación da documentación xustificativa das actuacións obxecto deste convenio comeza ao día seguinte da finalización da actuación de que se trate e remata o 30 de setembro de cada ano.

Cuarto: Unha vez asinados os convenios, durante o transcurso do verán, a situación meteorolóxica foi de altas temperaturas e ausencia de choivas, polo que índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) no mes de agosto reflectiu moitos días nos que o mapa de Galicia se atopaba case na súa totalidade en situación de moi elevado ou extremo. Este IRDI é o índice usado como referencia a efectos da limitación do uso de maquinaria en zonas de influencia forestal segundo establece a Ley 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, no seu artigo 48.6.

Tendo en conta as circunstancias de prohibición do mes de agosto descritas e que a realización destes traballos é moi importante para a prevención e defensa contra incendios, consideramos necesario ampliar o prazo do que dispoñen as entidades locais para a súa realización nesta anualidade ata o 15 de outubro de 2025.

Quinto. Segundo o establecido na cláusula vixésimo sétima o convenio poderá ser obxecto de modificacións ou prórrogas logo da tramitación da addenda correspondente, e seguindo todos os trámites necesarios para a formalización oportuna.

Esta modificación garante a realización dun maior número de hectáreas de roza mecanizada indispensables para a prevención e defensa contra os incendios forestais .

Polo exposto, as partes acordan asinar esta addenda, que ten por obxecto modificar para esta anualidade 2025 a cláusula décimo sexta, punto 1; do convenio asinado, consonte ás seguintes:

## CLÁUSULAS:

**PRIMEIRA.-** Modifícase a cláusula décimo sexta , punto 1 , que queda redactada como segue:

1. Para os tratamentos preventivos de xeito mecanizado o prazo de presentación da documentación xustificativa das actuacións obxecto deste convenio comeza ao día seguinte da finalización da actuación de que se trate e remata o 15 de outubro para a anualidade 2025 e o 30 de setembro para a anualidade 2026.

## SEGUNDA. Publicidade

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nesta addenda sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



**TERCEIRA.** Contido non modificado do convenio.

En todo o non modificado expresamente por esta addenda, seguirá sendo de aplicación o establecido no convenio.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan esta addenda, no lugar sinalado no encabezamento

A conselleira do Medio Rural

M<sup>a</sup> José Gómez Rodríguez

O alcalde do Concello de Tui

Enrique Cabaleiro González

